



5 de xullo de 2013, Outro 

[estado científico](#) vén a cuestionar os datos sobre a potencial **contaminación por arsénico** ocasionada pola mina de Corcoesto e que tanto a mineira como a Xunta minusvaloraron, ignoraron ou ocultaron no proxecto e na declaración de impacto. Os investigadores da USC advirten dunha

alta mobilización de arsénico

polo proxecto mineiro, poñen en dúbida os métodos de Edgewater e a Xunta para calcular este parámetro e a consecuente avaliación dos riscos sanitarios e ambientais que fixo a empresa e ratificou a Xunta. ADEGA xa denunciara que outra das

mentiras

do proxecto mineiro de Corcoesto era a

caracterización dos refugallos mineiros

. Edgewater e a Xunta considéraos

"non inertes, non perigosos"

malia a conter altas cantidades de arsénico e cianuro. ADEGA esixe á Xunta a anulación da DIA (Declaración de Impacto Ambiental) de Corcoesto e a redacción dunha nova DIA que contemple os datos e o risco real de contaminación por arsénico sinalados pola USC. En caso contrario, advertimos á Xunta que

acudiremos aos tribunais

e pediremos a anulación da fraudulenta DIA e de calquera proxecto que aprobe a Xunta en base a ela.

O proxecto de Edgewater para Corcoesto utiliza **métodos analíticos impropios** coa intención de minimizar o risco de mobilización do arsénico nas augas provocado pola actividade mineira. Tal é a contundente conclusión dun estudo científico asinado recentemente por cati prestixiosos investigadores/as da USC e que se engade ás advertencias que o mundo académico vén facendo á Xunta a respecto das gravísimas carencias, omisións oi terxiversacións deste proxecto mineiro.

Asemade, clasifica os residuos da actividade mineira como **"non inertes non perigosos"**. Para ADEGA, e a teor tanto da caracterización analítica previa, que sinala uns niveis de As superiores aos niveis de referencia, como do uso de substancias perigosas como o cianuro para a extracción do ouro por lixiviación dinámica, concluímos que, á marxe dos residuos da extracción de minerais metálicos (código LER 01 01 01) e non metálicos (LER 01 01 02), existen outros

tres tipos de residuos non catalogados

: Os residuos mineiros de parte dos estériles da actividade extractiva e os residuos da

lixiviación deberían clasificarse como

“non inertes perigosos”

, correspondéndolles os códigos LER 01 03 04*

[1]

(estériles ácidos pola transformación dos sulfuros -mineralizacións con arsenopirita e outros compostos de xofre-); 01 03 05* (outros estériles con substancias perigosas -As-); e 01 03 07* (residuos que conteñen substancias perigosas -cianuro- procedentes da transformación física e química de minerais metálicos).

Tendo en conta esta nova caracterización dos residuos mineiros xerados pola explotación, as instalacións destinadas a albergar tais materiais de rexeite **deberían ser clasificadas como de tipo A**, a teor da Directiva 2006/21 CE, transposta ao ordeamento xurídico español polo RD 975/2009. Atendendo a esta normativa, unha instalación de residuos mineiros considérase de categoría “A” cando, alomenos, concorra unha destas circunstancias:

-Que exista risco de accidente grave por colapso ou fallo debido á perda de integridade estrutural ou por unha incorrecta operación.

-Que conteña residuos perigosos.

-Que conteña substancias perigosas.

Neste caso, as instalacións proxectadas cumpren as tres condicións para seren consideradas de categoría “A”. Portanto, e a teor no disposto no devandito RD 975/2009, establécese para estas a necesidade de contar cun

Plano de Emerxencia Exterior

que deberá elaborarse denantes da autorización do plano de restauración (art. 40.1), para o que a empresa deberá facilitar á administración a información necesaria. Os obxectivos do Plano de Emerxencia Exterior (PEE) serán (art. 40.3):

“a) Conter e controlar os accidentes graves e outros incidentes para reducir ao mínimo os seus efectos e, en particular, para limitar os danos á saúde das persoas e ao medio ambiente.

b) Aplicar as medidas necesarias para protexer a saúde das persoas e o medio ambiente dos efectos de accidentes graves e outros incidentes.

c) Comunicar a información necesaria ao público e aos a servizos ou ás autoridades correspondentes da zona.

d) Tomar medidas para a rehabilitación e limpeza do medio ambiente tras un accidente grave.”

Portanto, a incorrecta catalogación dos refugallos mineiros que realiza Edgewater, bendicida pola Xunta na súa DIA e derivada de **minimizar sistemáticamente a toxicidade (As, CN) dos estériles e lamas mineiras**, fai que a empresa non teña

que presentar un Plano de Emerxencia Exterior, aforrando cartos e trámites a costa de poñer en perigo o medio ambiente e a saúde da poboación. Para ADEGA estes feitos son unha omisión dolosa, e poderían constiuir cando menos e presuntamente,

delicto de prevaricación, contra a saúde pública e contra o medio ambiente

. A Xunta debería anular a DIA recentemente aprobada e obrigar á empresa a dar cumprida resposta aos riscos derivados do seu proxecto mineiro (en particular a toxicidade dos refugallos) se non quere expoñerse ás accións xudiciais eventualmente derivadas da súa [vergoñenta declaración de impacto](#)